



I ENCONTRO GALEGO DE CIDADANÍA INCLUSIVA

Santiago de Compostela, 10 abril 2010

Dossier de desenvolvemento





***O encontro reuniu
56 participantes
que representaron a dez
colectivos en risco
de exclusión***

Dez colectivos en situación ou risco de exclusión social tiveron representación no I Encontro de Cidadanía Inclusiva organizado por EAPN-Galicia, un encontro deseñado por e para o protagonismo e a participación activa das persoas que integran tales colectivos. O Centro Sociocultural de Fontiñas de Santiago de Compostela foi escenario dunha xornada de debate dividida en sesións de mañá e tarde durante o sábado 10 de abril de 2010.

Ademais de se tratar do primeiro evento de tales características promovido a instancias de EAPN en Galicia, foron a súa estrutura eminentemente práctica e a súa diversidade de participación as que converteron o Encontro de Cidadanía Inclusiva nunha cita pioneira no marco do terceiro sector en Galicia. Nela logrouse reunir un total de 56 participantes, 29 dos cales formaban parte dos dez colectivos en situación ou risco de exclusión social representados. Os 27 participantes restantes foron técnicos de inserción de distintas entidades integradas en EAPN-Galicia, que asistiron voluntariamente, e distintos membros directivos das propias organizacións.

A xornada estivo dedicada a traballar sobre os dereitos de Cidadanía e Igualdade. O primeiro deles abordouse na sesión de mañá, mentres que o segundo centrou o bloque vespertino. En ambos os casos respectouse un mesmo esquema: un relatorio marco de 20 minutos seguido dun obradoiro para a análise das claves avanzadas, guiado por unha facilitadora.

A xornada comezou ás 10.30h coa intervención do coordinador do encontro, vicepresidente de EAPN-Galicia e director de Igaxes3, Carlos Rosón, quen deu la benvida aos participantes xunto a Marta Álvarez, directora de EAPN-Galicia. A continuación, o presidente da organización e responsable territorial de Secretariado Gitano, Santiago González Avión, realizou unha intervención introdutoria destinada a poñer en valor o concepto de participación como clave para lograr un avance real da cidadanía inclusiva.



Luís Barreiro,
profesor de Dereito
Político da UdC
e presidente de Igaxes3,
abriu a xornada de traballo
en torno ao dereito de
cidadanía

O relatorio marco sobre Cidadanía foi pronunciado por Luís Barreiro, presidente de Igaxes3 e profesor de Dereito Político da Universidade da Coruña. Instalando o seu discurso no marco da transición do Estado do Benestar ao Estado Social de dereito, Barreiro disertou sobre tres conceptos clave: democratización económica, socialización do poder e centralidade da cidadanía, abordando o distinto modo en que ambos os modelos de estado interpretan e xestionan estas claves.

Asemade, o poñente quixo avanzar os contidos do obradoiro posterior compartindo cos participantes dúas ideas esenciais: a) o exercicio da cidadanía esixe o coñecemento e aplicación de dereitos e deberes; e b) os procesos participativos son o motor do desenvolvemento da cidadanía.

Grupos de traballo

Os obradoiros desenvolvéronse a partir de preguntas pechadas propostas polos relatores arredor dos dereitos de igualdade e cidadanía, preguntas ás que os participantes tiveron acceso antes do encontro. Cada obradoiro dividiuse en dous grupos a fin de enriquecer as súas conclusións.

Se as primeiras intervencións fixeran fincapé na necesidade de participación, os obradoiros posteriores demostraron o concepto na práctica. Lorena Añón e Sabrina Molinos foron as facilitadoras dos grupos de debate en torno á cidadanía, mentres que Juana Tubío e Irene Jiménez moderaron pola tarde os talleres de igualdade. En todos eles mantívose un debate moi activo e un elevado nivel de discurso, malia a heteroxeneidade dos colectivos representados e as marcadas diferenzas de idade e procedencia social. Cada obradoiro tivo unha duración dunha hora e, ao seu remate, procedeuse á reunión dos grupos para a lectura das conclusións, a cargo dos portavoces de cada grupo.



Na sesión da mañá, posterior á intervención de Luís Barreiro, os dous grupos aproximáronse ao dereito á cidadanía reflexionando encor de cuestións como a oposición entre a asunción de deberes e a submisión ante outros poderes; ou entre a delegación na toma de decisións e a participación nas mesmas. A continuación enumeráronse modelos de participación e ámbitos de aplicación, con vistas á conquista de novos ámbitos.



Bloque de Igualdade

O bloque de contidos da sesión vespertina comezou ás 17.00h co relatorio marco da responsable da Área de Igualdade da Fundación Secretariado Gitano e coordinadora da provincia de Huesca, Sara Giménez. A súa intervención puxo de manifesto algúns dos máis importantes avances que nos últimos anos logrou o colectivo xitano en España en materia de inclusión social e loita contra a discriminación.



***Sara Giménez,
avogada de Secretariado
Gitano, fixo un repaso dos
avances recentes do
colectivo en materia de
inclusión social***

Ademais de se achegar ao marco normativo que rexe en todo o relativo ao dereito á igualdade de cidadáns e cidadás, Giménez centrouse na muller xitana como colectivo afectado por unha dupla barreira á hora de transcender o seu contexto social e abrirse á esfera pública para participar nela. Ao rexeitamento inicial e aos numerosos casos de discriminación que estas mulleres encontran á hora de entrar a formar parte dunha cidadanía plena, Secretariado Gitano comprobou como na etapa recente foron aumentando as iniciativas de empoderamento e como o colectivo gañou fortaleza na súa resposta á exclusión social.

No obradoiro posterior ao relatorio abordáronse cuestións como a discriminación no acceso ao emprego e a imaxe social que os medios de comunicación verten respecto dos colectivos vulnerables. O material de traballo reunido durante a tarde permitiulles aos grupos elaborar unha lista de propostas sobre iniciativas encamiñadas ao logro dunha igualdade real.



Conclusións

As propostas achegadas polos grupos de debate servirán de base ao texto definitivo coas conclusións do encontro que elaborará e divulgará EAPN-Galicia. Con todo, a organización mantén aberto ata o martes 13 de abril o prazo de recepción de propostas para engadir conclusións ás xa documentadas no día do encontro. O documento final será presentado o 15 de abril no Parlamento de Galicia.

Nesta xornada, un grupo de representantes de diversos colectivos en risco de exclusión –de entre aqueles que tomaron parte no encontro– acompañará os membros directivos de EAPN-Galicia na visita ao Parlamento. Alí farase entrega dos resultados do I Encontro de Cidadanía Inclusiva á presidenta da cámara, Pilar Rojo, e mais os portavoces dos tres grupos parlamentarios. Así mesmo, a delegación reunirase en datas próximas coa Vicevaledora do Pobo, Dolores Galovart, quen recibirá tamén unha copia do texto.

Con esta iniciativa, EAPN-Galicia quere facer visible a súa condición de plataforma para o deseño de estratexias capaces de incidir nas políticas sociais dos poderes públicos galegos, función que cobra actualmente unha dimensión especial logo do fracaso da estratexia de Lisboa e coa necesidade de definir novas propostas no eido do social a nivel continental.